

# EL ARTE SANA / EL ARTE CURA

## (AUTORRETRATOS)

**Yolanda HERRANZ PASCUAL**

**GALEGO**

## NIN SEQUERA SOMOS UN INSTANTE NO TEMPO

O proxecto *El Arte Sana / El Arte Cura*, propón unha reflexión sobre o concepto de identidade e de sentir da existencia. Tratei de achegarme a estas preocupacións a través dunha selección de once autorretratos que foron materializados por medio da imaxe fotográfica.

Mentres que o retrato trata de expandirse no recoñecemento do retratado e mostra como o outro te ve, o autorretrato é un acto de concentración, no que nos encamiñamos cara aos *adentros*, somerxéndonos nos abismos do psicolóxico.

O autorretrato sempre é solitario e constitúe o reflexo e a identificación:  
do que fomos e do que xa non somos.  
do que puidemos ser e que áinda non fomos.  
do que debemos ser e que nunca seremos.

### Aínda somos... áínda que nunca seremos

As fotografías da obra suxiren un suceder de miradas que implican saber-se. Prometendo unha introspección nas zonas sombrías.

Nas siluetas discernimos rostros perplexos e imprecisos... innameables, nos que a propia autora se recoñece.

O autorretrato ten moito de radiografía do espírito que nos axuda a desvelar e a pensar sobre o *si mesmo...* sobre nós mesmos.

Nestas radiografías resoan ecos e negacións que acollen un verde (esperanza) escuro: nos abocan a vernos como somos:

### Negruras tatuadas na alma

A incerteza das imaxes non se resolve, todas as figuras manteñen unha tensión latente, un dilema indeciso e irresoluble.

Dubidamos e sentimos    Penamos e convimos    Cuestionamos e concibimos.

Corporalidade perdida... Cor omitida... Materialidade fuxida...

O corpo é fráxil, a beleza pasaxeira, a carne vulnerable e perecedoira.

Designan seres ausentes, inasibles, non encarnados e sen definición temporal que emergen da iluminación que se filtra polos ocos dende a densidade da sombra.

Partindo da intensidade de *O Escuro*, aparece a luz que vai trazando os trazos. O penetrante abismo alberga un tenue resplandor que emana deixando entrever as caras. Luces, crepusculos e espectros do espírito.

### Veladuras da Conciencia... Transparencias da Consciencia...

Os once autorretratos desvélanse no interior da negrura:

### **As sombras do fondo**

Nun mar de inseguridades... dende o que nos miramos perplexos... e dende o que non nos é posible ver.

Contémplasme, indágasme e analizas para non me ver: como ti me miras... como eu me vexo...

O autorretrato non é unha confrontación, é un enfrontamento:

Un do, un desafío, un encontro... unha contradición.

O autorecoñecemento: Tratando de comprender-me. Chegando ao insondable do *min mesmo*.

Residimos nunha sombra que deriva cara a unha persistente turbación...

o baleiro... a nada... en branco...

Sós vémonos a nós mesmos observando inmersos na penumbra, situados nese lugar arroupado polo desasosego que debuxa o tremor na escuridade e o receo ao silencio...

Estas representacións xorden do cuestionamento como creadora e, así mesmo, poden abrir interrogantes para o lector, que no seu mirar trata de respondelos e resolvélos.

Como na fotografía, atopámonos en cada autorretrato inmersos nunha cámara escura.

As pezas ampárranos no seu espazo e dende este lugar neboento indagamos no máis recóndito do noso penar, pensar e sentir.

### **Pesadumes e incertezas que aniñan na profundidade aciaga**

O claroscuro evoca atmosferas densas e intensas, como as que moran nos ambientes tenebristas.

A fondura, como lugar onde habita o descoñecido, sempre é umbría.

Dende a incursión no sombrío peregrinamos cara á claridade tratando de asir o que define a esencia de recoñecer: a identidade.

Percibimos conmovidos a alucinación que impón ao espazo o unánime medo á turbia noite (inmaterial, inconsistente e sinistra).

Os interiores que reflecten as imaxes son lugares habitados de apariencias intuídas.

Nese ámbito misterioso e enigmático todo o demais desaparece quedando oculto. E é, precisamente alí, por onde se abre camiño un conmovedor brillo desesperado.

A luz dirixe a mirada áinda que a nosa presenza se manteña furtiva.

### **Dóenos sostér esa luz**

### **Unha... e outra... e outra... e outra vez... logo do solpor... de novo a escuridade**

Son imaxes, nas que nos sorprendemos mirando, que vagan nun angustiado e inquietante fondo monocromo.

Mostran dimensións que acoutan unha realidade máis presaxiada que vivida.

Amparados polo equilibrio do formato e explorando a permanencia do negro, o noso transitar detense nos textos que van percorrendo os pés das fotografías. Son concisas sentenzas; ideas e pronunciamentos que concitan o noso sentir sobre a existencia.

### **Tirando pedras ao ceo**

A selección destes autorretratos revélanos, tantas veces, unha estraña certeza:

### **Si, Son Eu**

Intuímos como seremos e estaremos... alí, onde a eternidade se encontre nun instante.

### **Somos o sentido dun presentimento profundo**

**Somos o alento das nubes**

**Somos un instante pasaxeiro**

**Somos néboa entre as mans**

**Somos un suspiro na confusión**

**Somos un olor para o recordo**

**Somos un salouco na neve**

**Somos un fráxil silencio**

**Somos bafo no mar**

**Somos unha leve palpitación no firmamento**

**Somos cinza no caos**

**Somos un baleiro no tempo**

**NON SOMOS NADA**

**NON..., SOMOS MENOS CA NADA**

**SOMOS A NADA ABSOLUTA**